



Estimados pai e nai dos alumnos/as de 3º B, 4º C e 6º A:

Por medio desta carta comunicámoslles que a Consellería de Sanidade está a levar a cabo un estudo no que se van pesar e medir a estatura e os perímetros de cintura e cadeira aos escolares galegos de 6 a 16 anos. Ademais faránselle 3 preguntas moi sinxelas mentres son medidos e pesados.

Para iso seleccionouse ao chou unha mostra de 137 centros escolares de Galicia, resultando seleccionado entre eles o centro e a aula a que acode o seu fillo ou filla.

Dúas persoas expertas para este fin, e baixo a supervisión do titor/a ou dun profesor/a, levarán a cabo o estudo no centro escolar, no espazo que o colexio considere apropiado e que permita garantir a privacidade dos escolares en todo momento, durante horario lectivo.

Calquera información obtida será anónima e polo tanto ningún dato poderá relacionarse con ningún alumno. Os resultados do estudo empregaranse para planificar e avaliar programas de promoción da saúde.

O estudo realizarase no noso centro escolar o día 18 de outubro de 2013, polo que lles pedimos que ese día o rapaz/a veña vestido con roupa lixeira, por exemplo un chándal.

A colaboración dos escolares e das súas familias é imprescindible para a correcta execución do estudo, polo que solicitamos a participación neste do seu fillo ou filla. No suposto de non desexaren participar nel, fágannolo saber.

Dende a Consellería de Sanidade agradécenlles moi sinceramente a súa colaboración e a do seu fillo ou da súa filla, por contribuír a mellorar o estado de saúde da poboación escolar galega.

Reciban un cordial saúdo.

O director

Luis H. Ruiz Santos

Tui, 11 de outubro de 2013